

Obradoiros de maduración de ideas empresariais

Descrición

A maduración de ideas empresariais é unha actividade básica no proceso de creación de empresas. Nun sentido amplo, entendemos que abrangue:

- xeración de ideas emprendedoras.
- maduración de ideas: desenvolvemento e mellora de ideas.
- preselección de ideas entre varias alternativas.

O **Grupo Proxectos** ofrece un servizo de formación, asesoramento e titorización para a organización e impartición de seminarios de maduración de ideas.

Obxectivos

- Dar a coñecer as fontes e métodos de busca de ideas emprendedoras.
- Adquirir as capacidades precisas para desenvolver, mellorar e sintetizar a idea emprendedora.
- Adquirir a capacidade para avaliar a viabilidade dunha idea emprendedora e seleccionar entre ideas alternativas.

Metodoloxía

Os obradoiros de maduración de ideas terán unha orientación práctica. Estarán baseados na realización de actividades para a xeración e maduración de ideas. Primarase a colaboración entre os asistentes e o traballo en grupo.

O contido teórico deste obradoiro transmitirase, fundamentalmente, a través da realización de exercicios e a revisión de casos prácticos.

O material didáctico empregado no obradoiro (contidos teóricos, fichas de exercicios, presentación...) pode ser proporcionado polo **Grupo Proxectos**.

Contidos

Os contidos dun obradoiro de maduración de ideas consistirán en:

- A xeración de ideas:
 - Fontes de ideas
 - Xeración de ideas en base a diversas fontes
- Maduración de ideas
 - Metodoloxías de maduración de ideas.
 - Definición de ideas emprendedoras
 - Mellora de ideas emprendedoras
 - Síntese de ideas emprendedoras.
- Preselección de ideas emprendedoras
 - Criterios de avaliación de ideas emprendedoras
 - Preselección entre ideas alternativas

Produtos xerados

O Obradoiro de maduración de ideas permitirá aos asistentes ao mesmo coñecer as principais fontes de ideas empresariais. Ao remate do obradoiro, os asistentes serán quen de desenvolver unha idea empresarial, analizar e mellorar os diferentes aspectos da mesma, e expresala de forma sintética, clara e comprensible por terceiras persoas, aínda sen coñecementos técnicos nin de xestión empresarial.

Referencias (Clientes aos que se lles teña prestado un servizo similar)